



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

exp. 2019/G010/000015

ACTA Nº 2019/15

SESIÓN Ordinaria DO PLENO DA CORPORACIÓN

- Casa do Concello, mércores 27 de novembro de 2019 -

No día de hoxe, ás 20:30 horas, baixo a presidencia do alcalde, reúnen-se os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia do secretario, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Ordinaria do Pleno da Corporación.

PRESIDE:

Manuel Fernández Munín

ASISTEN:

Jesús Sanjuás Mera
Marta Magina Copóns Neira
José Manuel Iglesias Gómez
Ana María Seijo Mosquera
Alejandro Bermúdez Devesa
Ángela Santasmarinas Lorenzo
José Manuel Canabal Vázquez
Xabier Canabal Fernández
Carmen Soutullo Carolo
Iván Eirís Castro

AUSENCIAS:

Ningunha

SECRETARIA-INTERVENTORA:

Eva María Casal Sanjurjo

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na

ORDE DO DÍA

1. Aprobación da Acta anterior
2. Conformidade co proxecto da obra ampliación e saneamento en Lestedo e Sergude - Convenio Augas de Galicia
3. Acordo de non dispoñibilidade de créditos
4. Información de Alcaldía



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

exp. 2019/G010/000015

5. Moción transporte público presentada por Veciñ@s de Boqueixón
3. Rogos e preguntas

DELIBERACIÓNS

As deliberacións correspondentes ós puntos tratados neste Pleno atópanse recollidos no arquivo da acta multimedia gravada e que consta no correspondente expediente electrónico da sesión, publicada na web municipal e dispoñible publicamente na seguinte URL, xunto coa acta en format pdf:

<https://www.boqueixon.com/2019/11/30/sesion-do-pleno-da-corporacion-municipal-do-27-de-novembro-de-2019/>

ACORDOS

1. Aprobación da Acta Anterior

Exponse a necesidade de corrixir a acta da sesión do día 21 de outubro, na cal se indica que non hai ningunha ausencia, pero o Sr. Concelleiro D. Iván Eirís Castro non asistiu á sesión indicada. Polo tanto, procédese á corrección dese erro.

Por unanimidade acórdase aprobar a acta da sesión anterior do Pleno Extraordinario do luns 21 de outubro de 2019.

2. Conformidade co proxecto da obra ampliación e saneamento en Lestedo e Sergude - Convenio Augas de Galicia

No ano 2016 asinouse un convenio de colaboración entre este concello e a entidade pública empresarial Augas de Galicia para a execución da actuación de "Mellora e optimización do funcionamento do sistema de saneamento das parroquias de Lestedo e Sergude e de nova rede de saneamento noutras parroquias. Concello de Boqueixón"

Con data 5 de agosto de 2019, Augas de Galicia envía un escrito no que solicita que se achegue o correspondente certificado Plenario, onde se dea conformidade ó proxecto da obra e o compromiso de recibir as obras e asumir a posta en servizo, explotación, mantemento e conservación.

O proxecto elaborado ten un importe de 1.810.427,81 euros e foi supervisado pola Área de programación e seguimento de obras mediante informe no que se reflicten, entre outros, a xustificación da necesidade da obra e as características da actuación.

O proxecto foi remitido a este concello con data 5 de agosto de 2019.

Polo tanto, e cumprindo coa cláusula terceira do convenio asinado no seu momento, unha das obrigas do concello é enviar certa documentación para realizar os trámites necesarios para a licitación da obra, que será executada pola Xunta de Galicia.



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

exp. 2019/G010/000015

Cos votos a favor do Partido Popular e as 4 abstencións do Grupo Veciñ@s, o Pleno da Corporación, **ACORDA:**

Primeiro.- Dar conformidade ó proxecto da obra “Ampliación e saneamento en Lestedo e Sergude. Boqueixón (A Coruña), de clave OH.315.1095, cun orzamento dun millón oitocentos dez mil vinte e sete euros con oitenta e un céntimos (1.810.427,81 euros)

Segundo.- Comprometerse a recibir as obras, e como titular das mesmas, asumir a súa posta en servizo, explotación, mantemento e conservación.

Terceiro.- Expoñer ò público o proxecto durante o prazo de 30 días hábiles, mediante a publicación dos correspondentes anuncios no BOP e no DOG, coa finalidade de que calquera persoa física ou xurídica poida examinalo e presentar as alegacións oportunas.

Cuarto.- Comunicar este acordo ó organismo autónomo Augas de Galicia para que realice as correspondentes xestións.

3. Acordo de non dispoñibilidade de créditos

En data 30/08/2019 de 2019 remitiuse ao Ministerio de Facenda a liquidación do exercicio 2018 que amosou un incumprimento da regra de gasto por un importe de -70.469,34 € (porcentaxe de % de gasto computable: 6,89 %) e motivou a necesidade de tramitar un Plan Económico-Financeiro (PEF) o cal non foi aprobado polo pleno á data actual.

Con data 15/10/2019 e nº de R.E. 201990000000605 recibíuse neste concello requirimento efectuado polo órgano de tutela financeira da Xunta de Galicia, lembrando a obriga de aprobación dun plan económico financeiro para o período 2019-2020 como consecuencia do incumprimento da regra do gasto na liquidación do exercicio 2018 .O devandito escrito require que, en todo caso, e con independencia da obriga de elaboración e aprobación dun PEF, o concello deberá, en todo caso, adoptar un acordo de non dispoñibilidade de créditos polo importe resultante do incumprimento da regra do gasto, incrementado nunha porcentaxe dun 2,7%.

Visto o requirimento efectuado polo órgano de tutela financeira da Xunta de Galicia, considera esta alcaldía que procede a adopción das medidas coercitivas establecidas no artigo 25 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira e por tanto

Tendo en conta o anteriormente exposto, esta alcaldía considerou procedente a adopción da medida establecida no artigo 25.1.a) da LOEPSF e por este motivo en data 22/11/2019 ditou providencia para iniciar os trámites necesarios a fin de acordar a declaración de non dispoñibilidade de créditos polo importe antes indicado.

Con data 15/11/2019 o concelleiro de Facenda formula proposta de acordo de non dispoñibilidade de créditos, na que se indican as partidas que serán obxecto de retención.

En data 22 de novembro de 2019 a interventora municipal emite informe relativo á tramitación do expediente, coas observacións indicadas no apartado Segundo en canto



ao relativo aos créditos do capítulo 1 do estado de gastos do orzamento.

Cos votos a favor do Partido Popular e os 4 votos en contra do Grupo Veciñ@s, o Pleno da Corporación, **ACORDA:**

Primeiro.- Adoptar a medida establecida no apartado 1.a) do artigo 25 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira consistente na declaración de non dispoñibilidade de créditos por importe de 72.372,01 euros.

Segundo.- Como consecuencia do anterior decláranse non dispoñibles os seguintes créditos procedéndose a reter os mesmos para a súa non utilización:

CLASIFICACIÓ N		DENOMINACIÓ DA APLICACIÓ N	CRÉDITOS TOTAIS	PAGOS REALIZADOS	ESTADO EXECUCIÓ N	CRÉDITOS NON DISPOÑIBLE S
prog	econ.					
135	13000	Protección Civil. Retrib. Básicas	24.353,56	4.966,93	19.386,63	19.386,63
135	16000	Protección Civil. Seg. Social	7.683,24	5.619,06	2.064,18	2.064,18
312	14300	Hosp. Serv. Asist. Outro persoal	13.685,14	0,00	13.685,14	13.685,14
312	16000	Hosp. Serv. Asist. Seguridade Social	4.642,08	0,00	4.642,08	4.642,08
920	12003	Soldos do grupo C1	61.776,50	24.907,14	36.869,36	12.279,06
920	12006	Trienios	16.999,20	8.862,01	8.137,19	1.675,44
920	12101	Complemento destino	48.096,96	30.784,23	17.312,73	6.493,44
920	12103	Complemento específico	32.978,88	27.030,79	5.948,09	2.785,08
920	16000	Administración xeral. Seg. Social	57.096,99	35.973,79	21.123,20	5.849,88
920	23300	Admin. Xeral. Outras indenminzac.	17.000,00	3.120,00	13.880,00	3.511,08
						72.372,01

4. Información de Alcaldía

Dáse conta das Resolucións da Alcaldía dende o 10 de setembro ata o 21 de novembro de 2019.

Nº de Expediente	Asunto	Data
2019/G003/000195	Aplicación da vía de urxencia do procedemento aprobación Conta Xeral	10/09/2019
2019/G003/000196	Alta SAF Dependencia HJVV	11/09/2019
2019/G003/0001	Inicio expediente multa de tráfico MC.MT	12/09/2019



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

exp. 2019/G010/000015

97		9
2019/G003/0001		12/09/201
98	Xeración de crédito Agader 14/2019	9
2019/G003/0001		13/09/201
99	Aprobación e pago facturas maio, xuño e xullo 2019	9
2019/G003/0002		13/09/201
00	Aprobación de gasto e pago facturas campamento	9
2019/G003/0002		13/09/201
01	Licenza demolición Santos SL	9
2019/G003/0002		18/09/201
02	Aceptación e execución obras en réxime cooperación Plan Infraestruturas Rurais	9
2019/G003/0002		23/09/201
03	Xeración de crédito 15/2019 Campamento de verán	9
2019/G003/0002		23/09/201
04	Aprobación facturas Camping Cachadelos, CB	9
2019/G003/0002		27/09/201
05	Xustificación subvención Axencia de Turismo e Abanca- Festa da Filloa	9
2019/G003/0002		23/09/201
06	Pagamento gratificación/productividade secretaria accidental	9
2019/G003/0002		24/09/201
07	Solicitud SAF libre concorrencia CGC	9
2019/G003/0002		24/09/201
08	Solicitud tarxeta estacionamento vehículos persoas mobilidade reducida	9
2019/G003/0002		24/09/201
10	Solicitud SAF libre concorrencia JGC	9
2019/G003/0002		25/09/201
11	Arquivo expediente multa de tráfico Maria Carmen MT	9
2019/G003/0002		25/09/201
12	Ratificación informe non división lotes obra Camiño de Lamas á Igrexa e outro	9
2019/G003/0002		26/09/201
13	Xeración de crédito 16/2019 Actividades culturais e deportivas	9
2019/G003/0002		26/09/201
14	Pagamento nóminas setembro 2019	9
2019/G003/0002		27/09/201
15	Xeración de crédito 17/2019 Novidades editoriais e coleccións bibliográficas	9
2019/G003/0002		27/09/201
16	Aprobación facturas subvenc biblioteca e actividades deportivas infantis e adultos	9
2019/G003/0002		30/09/201
17	Anulación recibo lixo ano 2018	9
2019/G003/0002		30/09/201
18	Conta xustificativa subvención mellora coleccións bibliográficas (prog. B) 2019	9
2019/G003/0002		01/10/201
19	Alta SAF Dependencia PRB	9
2019/G003/0002		01/10/201
21	Licenza equipamento turístico en San Pedro de Donas	9
2019/G003/0002		02/10/201
22	Alta SAF Dependencia JAC	9
2019/G003/0002		03/10/201
23	Nomeamento persoal comisión seleccionadora Obradorio de Emprego 2019	9
2019/G003/0002		03/10/201
24	Delegación de competencias de Alcaldía na Xunta de Goberno Local	9
2019/G003/0002		07/10/201
25	Contratación servizo de madrugadores	9
2019/G003/0002		08/10/201
26	Solicitud tarxeta estacionamento vehículos persoas mobilidade reducida M ^a LMM	9
2019/G003/0002		09/10/201
27	Xeración de crédito 18/2019- Ciclo Cultural Un mes e Pico	9

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

exp. 2019/G010/000015

2019/G003/0002 28	Solicitud subv prórroga axente de emprego e desenvolvemento local	09/10/201 9
2019/G003/0002 29	Xeración de crédito 19/2019 Rede Cultural 2019	09/10/201 9
2019/G003/0002 30	Aprobación facturas agosto e pendentes	09/10/201 9
2019/G003/0002 32	Aprobación dietas comisión seleccionadora Convenio Incendios	10/10/201 9
2019/G003/0002 33	Xustificación programa conciliación activa 2019 SI435B	10/10/201 9
2019/G003/0002 34	Finalización dos contratos peóns obras públicas (PIL 2019)	10/10/201 9
2019/G003/0002 35	Renovación contratación orientadora laboral 2019/2020	10/10/201 9
2019/G003/0002 36	Baixa por xubilación capataz de servizos	10/10/201 9
2019/G003/0002 37	Finalización dos contratos de Brigada Forestal e Motobomba	10/10/201 9
2019/G003/0002 38	Solicitud renovación tarxeta estacionamento vehículos mobilidade reducida CNT	10/10/201 9
2019/G003/0002 39	Xustificación axuda concedida prevención e defensa contra incendios 2019	11/10/201 9
2019/G003/0002 40	Xeración de crédito 20/2019- Equipamento biblioteca	11/10/201 9
2019/G003/0002 41	Xeración de crédito 21/2019- Cultura no Camiño	15/10/201 9
2019/G003/0002 42	Xeración de crédito 22/2019- Ler conta moito	15/10/201 9
2019/G003/0002 43	Renovación tarxeta estacionamento vehículos mobilidade reducida M ² CPD	15/10/201 9
2019/G003/0002 44	Pagamento canon da auga no ano 2015	17/10/201 9
2019/G003/0002 45	Aprobación facturas domiciliadas xullo, agosto, setembro e outubro	17/10/201 9
2019/G003/0002 46	Aprobación facturas programa Cultura no Camiño 2019	18/10/201 9
2019/G003/0002 47	Xustificación programa Cultura no Camiño 2019	18/10/201 9
2019/G003/0002 48	Xeración de crédito 23/2019- Sensibilización violencia de xénero	21/10/201 9
2019/G003/0002 49	Xeración de crédito 24/2019- Dinamización lectura violencia xénero	21/10/201 9
2019/G003/0002 50	Aprobación de facturas programa Cultura no Camiño 2019- corrección anterior	21/10/201 9
2019/G003/0002 51	Xustificación programa Cultura no Camiño 2019- corrección anterior	21/10/201 9
2019/G003/0002 52	Aprobación facturas subvencións e programas	22/10/201 9
2019/G003/0002 56	Solicitud de subvención Proxecto de prevención de condutas adictivas	28/10/201 9
2019/G003/0002 57	Aprobación factura violencia de xénero "Ler conta moito"	28/10/201 9
2019/G003/0002 58	Conta xustificativa proxecto Acondicionamento centro Sociocomunitario Sergude	31/10/201 9
2019/G003/0002 59	Nómina outubro 2019	29/10/201 9
2019/G003/0002	Alta SAF Dependencia GBR	14/11/201

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



60		9
2019/G003/0002		30/10/2019
62	Conta xustificativa subvención novidades editoriais biblioteca (programa A)	9
2019/G003/0002		04/11/2019
66	Alta SAF dependencia LMM	9
2019/G003/0002		05/11/2019
68	Baixa definitiva en SAF por falecemento	9
2019/G003/0002		05/11/2019
69	Baixa definitiva en SAF por falecemento	9
2019/G003/0002		05/11/2019
70	Baixa tarxeta de estacionamento vehículos persoas mobilidade reducida	9
2019/G003/0002	Aprobación Plan Seguridade e Saúde- Ampliación Saneamento Gastrar Casalpeguito	06/11/2019
2019/G003/0002		14/11/2019
73	Aprobación facturas setembro e outras	9
2019/G003/0002		14/11/2019
75	Contratación asesoramento xurídico	9
2019/G003/0002	Xustificación Subvención Fondo Compensación Ambiental 2019 (investimento)	15/11/2019
2019/G003/0002	Aprobación certificación obra Ampliación Saneamento Gastrar a Casalpeguito	15/11/2019
2019/G003/0002	Corrección erro decreto 2019/G003/000275 Contratación asesoramento xurídico	18/11/2019
2019/G003/0002		21/11/2019
80	Nóminas novembro e finiquito brigadas incendios	9

5. Moción transporte público presentada por Veciñ@s de Boqueixón

O Grupo municipal de Veciñ@s, ao abeiro do disposto na Lei de Bases de Réxime Local, e nos regulamentos que a desenvolven, presentaron ao Pleno da Corporación do Concello de Boqueixón a seguinte **Moción**, que se transcribe literalmente a continuación:

Exposición de motivos

PRIMEIRO: No pasado mes de agosto estivo a exposición pública o Anteproxecto de Explotación do Plan de Transporte Público de Galicia.

SEGUNDO: O Concello de Boqueixón presentou dúas alegacións no seguinte senso:

- Que se inclúan todas as liñas de transporte escolar, toda vez que só se aparecía unha, a XG86313: CPI Pluriligüe Antonio Orza Couto - Rebordaos 3.
- Que se estableza un transporte a demanda da liña XG86308 Ponte Ledesma - Santiago E.A. así como maiores frecuencias nesta liña.

TERCEIRO: A corporación de Vedra aprobou por unanimidade no pasado mes do agosto unha moción do BNG na que se instaba:



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

exp. 2019/G010/000015

1. Acordar, planificar e construír có concello de Boqueixón, no lugar da Susana, un aparcadoiro disuasorio - intercambiador que permita un uso efectivo do transporte público urbano compostelán, e interurbano do sur da comarca de Compostela.
2. Constituír unha mesa de traballo entre Vedra e Boqueixón, á que se invite a participar ao Concello de Compostela e outros concellos afectados do sur da comarca Compostelán (a través dos departamentos de urbanismo, por exemplo) e a colectivos sociais representativos (Asociacións de veciños, Asociacións de pais de Alumnos, colectivos de maiores, etc..). Coa finalidade de pulir, optimizar e recoller as demandas sociais. Este traballo coordinado permitirá o uso efectivo e axustado ás necesidades reais do espazo proxectado.

CUARTO: Tanto o concello de Boqueixón como o de Vedra, xóganse moito na definición deste ante proxecto e no resultado final, posto que será o que defina as concesións das liñas, e estas serán a ferramenta necesaria para o desenvolvemento da comunicación con Compostela. De feito un dos lastres históricos para o desenvolvemento de ambos concellos, foi precisamente a deficiente comunicación interurbana (*tanto entre os concellos afectados por esta moción como pola comunicación con Compostela*). A deficiente comunicación é un dos motivos (*xunto con planificacións de Ordenación urbana defectuosas*) do progresivo despoboamento da comarca, cunha constante migración de xente nova.

Un bo entramado de transporte na comarca permitiría frear a migración de poboación dende os núcleos periféricos á capital, e constituiría por si mesmo, un vector de recuperación pobocional do rural mais próximo a Santiago. Así tamén, axudaría a paliar os problemas de tráfico e aparcadoiro en Santiago de Compostela.

Os concellos de Compostela, Boqueixón e Vedra teñen un punto xeográfico común situado no lugar da Susana, porta de saída cara o sur e vía de comunicación entre a cidade de Santiago e a cidade de Ourense, sendo ademais o acceso á capital das poboacións de concellos como Bandeira, Silleda, Lalín, etc. o lugar da Susana é en definitiva, a porta de acceso natural de centos de miles de persoas e vehículos á capital Galega. Por outro lado, e na zona norte do noso Concello existe outro punto xeográfico situado en Lavacolla que permitiría enlazar co Transporte Público entre o Aeroporto e Santiago de Compostela.

A través de plenos (*ordinarios ou extraordinarios*), temos urxido aos nosos alcaldes a estudar con urxencia os anteprojectos solicitando entre outras cousas:

1. A creación de novos proxectos de liñas (*non recollidas no anteprojecto pendente de alegación*): son imprescindibles liñas circulares que garantan a conexión dos núcleos mais poboados e os puntos neuráxicos municipais (*centros de saúde, casa dos maiores, casa dos concellos, ... etc.*), de Boqueixón e Vedra coa Susana. A solicitude en todo caso recollía a necesidade de que podamos desprazarnos á



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

exp. 2019/G010/000015

- Susana en transporte público cada hora (*como mínimo*), coa finalidade de poder aproveitar a rede urbana de transporte público compostelán.
2. A creación de novos proxectos de liñas que comuniquen os veciños do norte do noso Concello con Lavacolla para a partir daí empregar o transporte existente entre Santiago co Aeroporto.
 3. Solicitamos tamén que se revise a accesibilidade dos autobuses que realizarán o transporte de viaxeiros, obrigando en todo caso, a dotar aos autobuses de ancoraxes para cadeiras de rodas e para cadeiras de bebés.
 4. Permitir o transporte de bicicletas no transporte público, fomentando novas mobilidades.

Enlazando todo o anteriormente exposto, consideramos que a ferramenta capaz de engraxar o transporte público do sur e norte da comarca Compostelán, é a creación de dous aparcamentos de disuasión, ou punto de intercambio de transporte tanto no lugar da Susana como en Lavacolla, para a xente do norte do noso Concello (Vigo, Gastrar e Loureda).

Estes aparcamentos deberían funcionar como:

- Intercambiador: permitindo o depósito de vehículos particulares (*incluídas bicicletas ou motocicletas baixo cuberto*) mediante aparcamento selectivo gratuito de veciños de Vedra, Boqueixón ou Compostela que teñan tarxeta de transporte metropolitano, para permitir enlazar os vehículos de uso persoal cos de uso colectivo.
- Aparcamento disuasorio: Mediante o cobro dunha tarifa mínima a vehículos particulares (*incluídas auto caravanas*), para quen decida utilizar este espazo para acceder a Compostela

Todo o anteriormente exposto, permitiría un uso racional do transporte colectivo, adiantando as políticas de loita contra a crise climática dos concellos do sur da comarca Compostelán, que en todo caso deberemos enfrontar de maneira prioritaria á menor brevidade posible.

É por iso que sometemos ao Pleno do Concello a adopción dos seguintes

ACORDOS:

1. Planificar e construír co concello de Touro, Vedra e Santiago, no lugar da Susana, un aparcadoiro disuasorio - intercambiador que permita un uso efectivo do transporte público urbano compostelán, e interurbano do sur da comarca de Compostela.
2. Planificar e construír co concello de O Pino, Touro e Santiago, no lugar de Lavacolla, un aparcadoiro disuasorio - intercambiador que permita un uso efectivo do transporte público urbano compostelán, e interurbano do norte da comarca de Compostela.



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

exp. 2019/G010/000015

3. Incrementar as frecuencias do Transporte de Ponte – Ledesma no senso xa alegado polo Concello de Boqueixón.
4. Incrementar as frecuencias do Transporte de Ponte Ulla – Santiago de Compostela, establecendo unhas frecuencias horarias dende as 7.00 h ata as 22.00 h. E tamén na mesma liña propónse un incremento das paradas á altura da Gándara (Sergude) a ambos marxes da estrada N-525, co establecemento duns pequenos aparcadoiros.
5. Establecer unha liña entre Ponte Ulla – A Susana (Ponte Ulla – Codeso – Vilar – Boqueixón – Sergude – A Susana) permitindo enlazar co transporte a Ourense de Monbús (en Ponte Ulla) e co transporte Urbano de Santiago (na Susana).
6. Establecer unha liña entre Boqueixón – Lavacolla (Boqueixón – Gastrar – Vigo – Loureda – Lavacolla) permitindo enlazar coa liña entre Ponte Ulla – A Susana (En Boqueixón) e coa liña Santiago – Aeroporto (en Lavacolla).
7. Constituír unha mesa de traballo entre Vedra, Touro e Boqueixón, á que se invite a participar ao Concello de Compostela e outros concellos afectados do sur da comarca Compostelán (a través dos departamentos de urbanismo, por exemplo) e a colectivos sociais representativos (Asociacións de veciños, Asociacións de pais de Alumnos, colectivos de maiores, etc.). Coa finalidade de pulir, optimizar e recoller as demandas sociais. Este traballo coordinado permitirá o uso efectivo e axustado ás necesidades reais do espazo proxectado.

6. Rogos e Preguntas

O Sr. Canabal Fernández fai os seguintes rogos e preguntas:

1. Pregunta e rogo rexistrada no Concello o pasado 18 de setembro, en relación a unhas obras no campo da Feira de Lestedo.
2. Depuradora de Gastrar. No mes de xuño os veciños de Gastrar presentaron un escrito no Concello no que solicitaban un cambio de ubicación da mesma, xa que non estaban de acordo.
3. Pregunta trasladada por Iván Eirís no Pleno pasado. Sinais colocadas polo Concello ao lado do Portugués, que apareceron tiradas ao día seguinte.
4. Presentan unha queixa sobre a convocatoria de Plenos, que non se axustan ao acordado no Pleno da Sesión Constitutiva da Corporación.
5. Facer o chamamento para que se limpe unha pista municipal ao lado da casa do sr. Héctor (Sergude).
6. Facer un chamamento para que se faga o ingreso da asignación a Grupos, pendente a de 2018, e da maneira de presentar a xustificación.

A Sra Carmen Soutullo fai os seguintes rogos e preguntas:

7. Cando se lle asignará un local ao Grupo de Veciños, ou se teñen algún asignado.
8. Limpeza da Finca da Reitoral de Oural. Cando se vai a limpar, xa que non se fixo limpeza? Quen a vai limpar?



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

exp. 2019/G010/000015

9. Facer mención ao bo traballo feito desde CIM na I Xornada de Sensibilización da Violencia contra a Muller.

A Sra Ángela Santasmarinas fai os seguintes rogos e preguntas:

10. Proposta de unirse ao Proxecto “En negro contra a violencia”, asinando o correspondente documento de adhesión.
11. Parece ser que no mes de outubro o sr. Canabal se estivo a reunir cos veciños dos edificios de Lestedo, non sabemos cal é motivo nin con que veciños se reuniu, xa que eu son residente nun deses edificios en un fun convocada, polo que, quería saber que se tratou nesa reunión.

O Sr. Iván Eirís fai os seguintes rogos e preguntas:

12. Rogo: Limpeza de cunetas en todo o Concello, mediante a planificación previa.
13. Rogo: Limpeza do lavadoiro do Campo de Pousada.
14. Rogo: Limpeza da finca de Gondar, mediante instancia ó Banco ou de oficio por parte do Concello.
15. Arranxo da pista da Corna á Igrexa de Pousada. Cando se vai a iniciar o arranxo.
16. Limpeza dunha finca na Agra de Arriba propiedade do Agader. Fíxose algún requirimento para a limpeza desa finca?.

Ás 22:06 horas non hai máis asuntos que tratar. Por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, secretaria-interventora, dou fe.

Boqueixón, mércores 27 de xaneiro de 2020

A secretaria-interventora, Eva María Casal Sanjurjo

O ALCALDE, MANUEL FERNÁNDEZ MUNÍN